

AXAR

REVISTA XUVENIL OURENSÁ • Nº 47 • 2025

CAMBAMENTOS VERDADEROS



AMENCER
ASOCIACIÓN XUVENIL
DECLARADA DE UTILIDADE PÚBLICA



Rematada a campaña de verán de Amencer queremosvos ofrecer unha visión de conxunto de todo o realizado ao longo destes meses de xuño, xullo e agosto.

Como é tradicional en Amencer, damos a coñecer datos e sensacións do vivido neste verán nun formato revista a toda cor, con breves textos e moita foto.

Ao ser unha entidade de tempo libre educativo entendemos, e está nas nosas orixes, que o verán é o momento cume para o tempo libre. De aí que Amencer trate de ofertar en distintas modalidades e datas unha ampla oferta de verán: actividades de conciliación familiar polas tardes (durante o mes de xuño, mentres hai clases), actividades de conciliación polas mañás cando comezan as vacacións de verán (desde finais de xuño até finais de xullo), campamentos ao aire libre nas Rías Baixas (desde finais de xuño ata finais de xullo), campamento urbano infantil e xuvenil (durante a primeira quincena de agosto) e unha oferta formativa con outras entidades “Don Bosco” de España (desta volta en Logroño e Guadalaxara). En total 1.865 persoas implicadas na campaña de verán de Amencer!

Potenciar o protagonismo xuvenil, visibilizar o tempo libre educativo e contaxiar estas experiencias na rapazada son, entre outros, os obxectivos desta publicación.

Desexamos que poidamos gozar todas e todos da lectura!

Xulio C. Iglesias
Xerente de Amencer



Tempos de Troula

Tempos de Troula foi unha experiencia inesquecible para as nenas e nenos de 3 a 12 anos que participaron nesta proposta educativa de tempo libre durante as tres primeiras semanas de xuño. Estes días foron especialmente emocionantes xa que se celebraron nas vésperas das vacacións de verán.

Durante ese período, as crianzas gozaron dunha chea de actividades divertidas e enriquecedoras que lles permitiron adentrarse nos misterios e marabillas dos Elementos da Natureza. Dende descubrir o fascinante mundo da ciencia ata converterse en chefs, sen esquecer o tempo para practicar diferentes deportes, crear obras de arte e establecer novas amizades. Cada día ofrecía unha nova oportunidade para descubrir, aprender e crear lembranzas que quedarán para sempre.

Foi un tempo cheo de diversión e, por suposto, de moita troula!

Xiomara Leirós





Mañás de Verán: Infantil

Mañás de Verán “Infantil” foi unha experiencia lúdica, educativa e única para os máis cativos, os nenos e nenas de 3 a 6 anos. Durante 5 semanas puideron gozar dunha chea de actividades temáticas nas que puideron gozar xogando mentres aprendían sobre pintura, ciencia, cociña ou emocións. Todas as semanas faciamos saídas aos parques da cidade para romper un pouco coa rutina. Tamén desfrutamos das piscinas municipais de Oira para combater a calor. En definitiva, foron días intensos pero divertidos e moi enriquecedores. Vémonos o verán que vén!

Martín Pérez



Mañás de Verán: Primaria

Entre o 23 de xuño e o 24 de xullo tivo lugar Mañás de Verán, actividade na que participaron 204 rapaces e rapazas de Primaria, con idades comprendidas entre os 6 e os 14 anos, e 21 animadores e animadoras.

Ao longo desas semanas realizáronse numerosas actividades, cunha programación fixa que daba ritmo ás xornadas: os luns e mércores organizábanse diferentes propostas dentro do colexio, os martes tocaba saída ás piscinas de Oira, os xoves había xogos nos parques da cidade para os nenos e nenas de 1º a 4º de primaria e para os rapaces e rapazas de 5º de primaria a 2º da ESO, unha saída ás piscina de Oira e os venres estaban reservados para os xogos de auga.

A rapazada puido gozar dunha gran variedade de propostas. Houbo obradoiros, buscas do tesouro e un día dedicado á cociña. Ademais, realizáronse xogos temáticos con ambientación especial, como o Interrail ou as “Aventuras polo Parque Natural de Cabárceno”. Tamén se traballaron as emocións a través de xogos e a animación á lectura con actividades relacionadas con diversos libros. Houbo espazo para descubrir e practicar novos deportes, convertendo cada día nunha oportunidade para aprender e divertirse.

Nerea Salvadores



Campamento Saltimbanquis

Na fin de semana do 27 ao 29 de xuño, 30 persoas gozamos do campamento de Saltimbanquis en Cambados, 21 delas nenos e nenas de toda Galicia.

O primeiro día fomos en tren ata Vilagarcía desde os nosos centros de orixe. Cando chegamos ao noso destino, aproveitamos o bo tempo para pasar o día na praia e coñecérmonos mellor. Despois dun longo día de xeados, area e cancións de animación, descubrimos que Cambados estaba cheo de piratas, que amablemente nos acompañaron durante a nosa aventura e nos ensinaron a convertirnos nun deles.

O sábado aprendemos todo o necesario sobre a vida no mar e os perigos que supón, facendo unha parada pola granxa escola para ver os animais. Tamén tivemos que resolver o caso da desaparición do Caderno de Bitácora, o máis importante para o capitán dun barco despois da súa tripulación.

Ao día seguinte, despois de repórter forzas e de gozar dunha celebración baixo os magnolios, conseguimos o desexado diploma pirata. Pero a tripulación tiña que seguir viaxando, así que regresamos a casa.

Mariángel Fernández



Andaina

O Campamento Andaina deste ano tivo como protagonistas a Artur e Xenebra e a busca do Santo Grial, compartindo así unha temática medieval con ambientación, personaxes e nomes dos animadores e animadoras.

De Ourense participaron 27 nenos e nenas e 3 animadores.

No día a día do campamento, a hora de erguerse era ás 9:00h da mañá. Despois tiñamos o momento do Bo Día, almorzabamos, facíase unha introdución do día para presentar sobre que íamos facer e a continuación realizabamos unha serie de xogos e obradoiros, destacando especialmente os xogos de auga para sobrelevar mellor a abafante calor.

Ao mediodía, xantabamos e había tempo libre coa rapazada, para despois poder seguir cos xogos da tarde, que tiñan relación coa historia condutora da busca.

Rematabamos co Tempo de Amigos propio do movemento para reflexionar sobre o día, tempo para duchármolos e cear antes do xogo da noite para ir introducindo a idea central do día seguinte.

En xeral, o campamento caracterizouse por unha gran cantidade de actividades diferentes, xogos, praia, auga, camiñata e tempo con amigas e amigos.

Pablo Seara





ADS

O campamento ADS en Cambados é unha experiencia inesquecible para rapaces e rapazas de entre 13 e 14 anos. Durante unha semana, os participantes comparten momentos únicos cheos de amizade, diversión e reflexión.

O campamento ten un toque relixioso, co que tamén se traballan valores como a solidariedade, o respecto e a convivencia, a través de dinámicas e oracións adaptadas á súa idade.

As actividades son variadas e moi entretidas: xogos por equipos, manualidades, xincanas, noites temáticas e veladas que fan que cada día sexa diferente. Tamén se fan saídas á praia, aproveitando a beleza das costas de Cambados, para bañarse, xogar na area ou simplemente relaxarse ao sol.

Os monitores, acompañan e guían aos rapaces para que todos se sintan incluídos e parte da familia ADS. Ao final do campamento, as despedidas son difíciles, pero os recordos e amizades quedan para sempre.

Manu Fdez. Pliego

ADOS

Dende o 13 ata o 20 de xullo celebrouse en Cambados o campamento de verán de ADOS, unha semana moi agardada tanto polos rapaces como polos animadores. Ao longo destes días, mozos e mozas procedentes de A Coruña, Vigo, Ourense, Lugo e mesmo desde Valladolid, compartiron unha experiencia única chea de aprendizaxes, emocións e momentos inesquecibles. Dende a cidade de Ourense asistiron un total de 37 rapaces e 7 animadores, formando un grupo moi activo, participativo e comprometido con todas as propostas.

Nestas reflexións tiveron cabida temas como a sexualidade e os valores, entre outros moitos. Así, tamén houbo tempo para pasalo ben con actividades como o *cluedo* ou *got talent*.

O ambiente no campamento foi, dende o primeiro día, moi especial. A convivencia respirábase en cada recuncho do espazo: dende os cuartos ata o comedor, pasando polos tempos libres ou os momentos de reflexión. Era doado notar como, pouco a pouco, se ían creando vínculos entre persoas que quizais non se coñecían antes, pero que compartían inxenuidades e ganas de pasalo ben. O espírito de respecto, acollida e bo humor estivo sempre presente, facendo que mesmo as persoas máis tímidas se sentisen cómodas e con ganas de participar.

Laura Fernández





Curso de Monitores (Logroño)

Do 17 ao 29 de xullo tivo lugar o Curso de Monitores de Tempo Libre en Logroño, no colexio de Domingo Savio.

De Ourense fomos 5 mozos que, xunto con outros 35 de diversas partes da zona norte de España, como País Vasco, Salamanca, Galicia ou mesmo Madrid, conformamos un gran grupo que, pese a vir de diferentes partes tiñamos unha mesma cousa en común: Todos queríamos ser animadores de rapaces.

A priori todos iamos coa mentalidade de socializar o mínimo e que o curso pasara o máis rápido posible, pero por sorte a realidade foi completamente distinta.

Pese ao esforzo que fixemos todos para dedicar dúas semanas do noso verán nas que podíamos estar na praia, cos amigos ou a familia, a experiencia mereceu cada un dos segundos que pasamos no curso.

Aprendemos moito non só profesionalmente e de cara a ser animador, senón que tamén nos serviu para mellorar no aspecto personal e no de facer moitas e moi boas amizades que, pese a que esteamos lonxe fisicamente, estamos en constante contacto.

Do curso destacaríase o nivel dos profesorado, facendo aminoras e moi entreteidas todas e cada unha das clases que aínda que durasen 4 horas pasaban voando.

Por último quería dar as grazas ás persoas que me permitiron pasar estas dúas semanas en Logroño e gozar desta experiencia marabillosa.

Tamén ofertouse outro curso de Monitores de Tempo Libre en Mohernando (Guadalaxara) participando unha animadora de Amencer.

Martín Gómez Díaz



CUX

O **Campamento Urbano** tamén contaba cun **Campamento Urbano Xuvenil** para maiores de 16 anos, con actividade en horario de 22:30 a 00:00 h. Houbo un día de obradoiros no que se fixeron cometas e pulseiras. Outro día estivo dedicado á competicións de furor musical. Tamén houbo un obradoiro de teatro e un grande xogo chamado Romel e Montgomery. Por último, houbo unha noite de terraza que se xuntou coa despedida dos maiores do campamento urbano infantil e na cal contamos coa presenza dun Dj para amenizar os bailes e a festa.

Pedro Confronto e Javier Carballo





CUI

O pasado 1 de agosto celebrouse o **Campamento Urbano**, para mozos e mozas de 8 a 16 anos, no que participaron preto de 800 rapaces e rapazas e 100 voluntarios e voluntarias. Cada día estivo dedicado a diferentes actividades, como un xesto conxunto nas pontes da cidade no día da Benvida, exhibicións culturais no día da Cultura Urbana e actividades lúdicas no día do Casco Vello. Tamén houbo xornadas de convivencia con auga, como o día da Provincia, o día da Xuntanza e o día da Auga, ademais dun día do Parlamento. O campamento rematou con despedidas para os maiores, cunha festa con DJ e cea, e para os pequenos, cunha festa da espuma, discoteca infantil no Centro Comercial Ponte Vella e velada artística.

Pedro Confronto e Javier Carballo





Revista Xuvenil Ourense
Nº 47 • CAMPAMENTOS VERÁN 2025

Edita: Asociación Xuvenil Amencer



Praza don Bosco, 1 – baixo • 32003 Ourense
Tel. e fax: 988 218 123
Correo-e: amencer@amencer.org
www.amencer.org

Director: Xulio C. Iglesias.

Redacción: Xiomara Leirós, Martín Pérez, Nerea Salvadores, Mariángel Fernández, Pablo Seara, Manu Fdez. Pliego, Laura Fernández, Martín Gómez, Pedro Confronto e Javier Carballo.

Corrección lingüística: Bibiana Martínez.

Diseño e maquetación: Visualq.

Depósito legal: OU 323-2021.

AXAR non comparte necesariamente as opinións expresadas nas súas páxinas.



/axamencer



@axamencer



@axamencer